


TEMA2: OSEAS

O profeta da misericórdia de Deus

Os 2,4-25

"Levareina ao deserto e falareille ao seu corazón"



Ambientación

Comezaremos invocando ao Espírito Santo que nos axudará a comprender o que Deus quere dicirnos a través do profeta Oseas: Deus ama incondicionalmente ao seu pobo. Podemos recitar xuntos o **Salmo 139** (138): "Ti examínasme e coñécesme"

Señor, ti escúlcasme a fondo e coñécesme ben,
ti sabes cando sento e me levanto,
penetras nos meus pensamentos desde lonxe.
Ti distingues cando me movo e cando estou quedo
e os meus camiños sonche todos familiares.

Aínda non está na miña lingua a palabra
e xa ti, Señor, a coñeces enteira.
Envólvesme por detrás e por diante,
e sobre min tes posta a túa man.
Admirable por demais me resulta este saber,
tan alto que non o alcanzo.

¿Onde me podería arredar do teu alento?
¿A onde fuxir da túa ira?
Se subo ó ceo, alí estás;
se baixo ó abismo, estás presente.
Se me ergo nas ás da aurora
e emigro ó extremo dos mares,
ata alí me leva a túa man
e me colle a túa dereita.

Se digo: "Que polo menos me encubran as tebras
e a luz ó meu arredor se faga noite",
as mesmas tebras non son para ti escuras
e a noite éche clara coma o día:
tanto che ten a luz coma as tebras.

Ti formaches as miñas entrañas,

tecíchesme no seo da miña nai.
Lóuvote polo prodixio que hai en min:
as túas obras son marabillosas.

Ti coñeces a fondo o meu espírito;
non che estaba oculta a miña esencia,
cando no segredo era formado,
tecido no fondo da terra.
O meu embrión víano os teus ollos,
e escribíanse xa no teu libro
os días todos que habían vir,
sen que existise aínda o primeiro.

¡Que preciosos atopo, Deus, os teus proxectos!
¡Que grande o seu conxunto!
Se os quixese contar, son máis cá area,
se chegase ata a fin, quedarías ti aínda.

¡Se bateses, Deus, nos malvados,
se arredasen de min os sanguinarios!
Arrepóñense contra ti arteiramente
e nomean en van os teus proxectos.
¿Non hei de odiar os que te odian,
aborrecer os que se erguen contra ti?
Odioos con odio cumprido
e téñoos por inimigos meus.

Examíname a fondo, Deus; coñece o meu corazón;
próbase, e coñece os meus sentimentos.

Olla se é torto o meu camiño,
guíame ti polo camiño eterno.

Antes de empezar buscamos **Os 2,4-25**.

Miramos a nosa vida

Lemos o seguinte relato:

María e Lourdes son amigas desde a máis tenra infancia. Sempre se quixeron moito e ese agarimo medrou cos anos ata que a vida as foi afastando. Un bo día María oíu que Lourdes se aproveitou da súa vella amizade para conseguir un traballo ao que tamén ela aspiraba. Nada diso era verdade. Toda fora froito dunha casualidade, pero o muro que se levantou entre elas parecía infranqueable e prolongouse por anos. Un bo día, María soubo que Lourdes estaba no Hospital cunha grave enfermidade. Dubidou durante uns días. Ao fin, decidiuse e foi visitala. Atopáronse cara a cara e sen testemuñas. Ao principio foi un pouco tenso, pero María arrincou con voz clara: “Lourdes, non somos unhas nenas. O pasado é pasado. Ti sabes que che quero coma unha irmá e estou aquí para axudarche no que che faga falta...” Fundíronse nun longo abrazo.

- *Coñeces algún caso parecido?*
- *Tiveches a experiencia de dar ou de recibir o perdón? Como te sentiches?*

Escoitamos a Palabra de Deus

Oseas fálanos das relacións de Deus cos homes e mulleres utilizando a imaxe bíblica das vodas. A súa vida familiar é utilizada como acción simbólica. Empeza e remata coa sedución de Deus ao seu pobo, presentada a través do profeta, que perdoa á súa muller e restaura de novo unha historia de amor.

- Antes de escoitar a Palabra invocamos a presenza do Espírito Santo.
- Un membro do grupo le en voz alta **Os 2,4-25**.

*⁴ Póndelle preito á vosa nai, póndello,
pois nin ela é a miña muller, nin eu son o seu marido.
Que retire da súa cara os signos de prostituta
e de entre os seus peitos as pinturas de adúltera;*

*⁵ se non, deixareina en coiros,
poreina coma o día en que naceu,
volvereina coma deserto, fareina un pardiñeiro,
e matareina de sede.*

*⁶ Si, non terei compaixón dos seus fillos,
pois son fillos de prostitución.*

*⁷ Si, a súa nai prostituíuse,
a que os xerou cometeu desvergonzas.
Certo, dicía: "Voume tralos meus amantes,
que me dan o meu pan e a miña auga,
a miña lá e o meu liño,
o meu aceite e o meu viño".*

⁸*Por isto: velaí, voulle pór sebe de silvas
ó seu camiño,*

*vou atrancar o seu muro,
para que non atope as súas corredoiras.*

⁹*Correrá tralos seus amantes, pero non os atopará,
buscaraos, e non os encontrará. Entón dirá:*

*"Volvo ó meu primeiro marido,
pois era máis feliz antes ca agora".*

¹⁰*Ela non sabía que eu era quen lle daba
o trigo e o mosto e o aceite
e dáballe prata en abundancia,
e ouro que empregaban para Baal.*

¹¹*Por isto volverei, e quitareille
o meu trigo ó seu tempo,
e o meu mosto no seu momento,
collerei a miña lá e o meu liño,
que habían de tapar a súa nudez.*

¹²*Pero agora vou destapar a súas vergonzas
ós ollos dos seus amantes,
e ninguén ma quitará das miñas mans,*

¹³*e farei cesar todas as súas ledicias:
as súas festas, os seus novilunios
e os seus sábados, e todas as súas asembleas de festa.*

¹⁴*Tamén arrasarei as súas videiras e as súas figueiras,
das que ela dicía:*

*"Elas son a miña paga,
a que me deron os meus amantes":
convertereinas nunha matogueira
que comerán os animais salvaxes.*

¹⁵Tamén lle pedirei contas polos días de festa
en honor dos Baales
cando lles facía ofrendas de incenso
e se adornaba cos seus aneis e coas súas alfaias
e ía tralos seus amantes
mentres se esquecía de min -é o Señor quen fala -.

¹⁶Por isto, velaí, eu mesmo a vou seducir:
levareina ó deserto e falareille ó seu corazón,
¹⁷e desde alí dareille as súas viñas,
e convertereille o val da Aflición
en porta da Esperanza,
e alí hame responder coma nos días da súa mocidade,
coma o día en que subiu de Exipto.

¹⁸E o día aquel -é o Señor quen fala -
chamarasme "Meu marido", e non me volverás
chamar "Baal Meu Dono"

¹⁹Eu retirarei da súa boca os nomes dos Baales,
que non volverán ser nomeados cos seus nomes.

²⁰No día aquel farei unha alianza en favor deles,
cos animais salvaxes, cos paxaros do ceo
e cos réptiles do chan:

rompereí o arco e a espada e mais a guerra,
arredándoos do país,
e fareinos durmir na tranquilidade.

²¹Casarei contigo para sempre.

Casarei contigo a prezo de xustiza e de dereito,
de bondade e de misericordia.

²²Casarei contigo porque me fío de ti
e entón recoñecerás o Señor.

*²³O día aquel -é o Señor quen fala -
eu escoitarei ó ceo,
o ceo escoitará á terra, ²⁴e a terra escoitará ó trigo,
ó mosto e ó aceite,
e eles escoitarán a Iezrael.*

*²⁵Eu sementareino a el -"a sementeira de Deus" -
para min no país,
e compadecereime da Non Compadecida,
e direille ó "Non meu pobo":
"Ti es o Meu pobo", e el responderame: "Meu Deus".*

Despois de reler a pasaxe e consultar as notas da Biblia respondemos xuntos a estas preguntas:

- *Que pretende o profeta ao presentar esa situación familiar? A quen simbolizan nesta pasaxe Oseas e Gomer?*
- *O poema pode dividirse facilmente en dúas partes, que títulolle darías a cada unha?*
- *Que razóns ten Gomer para volver á casa do seu marido? E Oseas para acoller á súa muller?*
- *Que imaxe de Deus presenta o profeta nesta metáfora?*

- *Que simbolizan os nomes dados aos fillos do matrimonio? Compáraos cos que se lles impoñen en Os 1,6-8.*

Volvemos sobre a nosa vida

A pasaxe que acabamos de ler desconcértaos. A relación de Deus-profeta co pobo de Israel-Gomer vai máis aló de toda lóxica humana, non coñece límites. Cheos dese Deus que nos restaura poderemos, como Oseas, entregar o perdón ou recibilo como ocorreu coa esposa infiel.

- *O amor incondicional de Deus, que nos presenta Oseas nesta pasaxe, ten "garra" para axudarche a empezar de novo?*
- *Comprométete a dar outra oportunidade a aqueles que te feriron no camiño da vida?*

Oramos

Recollemos en forma de oración o que a pasaxe, que acabamos de ler, nos suxeriu. Para ambientar este momento da oración podemos poñer derriba da mesa dúas alianzas matrimoniais e un libro de familia.

- Volvemos reler a pasaxe de **Os 2,4-25**.
- A continuación podemos participar no grupo acollendo o perdón que Deus nos outorga sempre e

incondicionalmente. Expresamos aquilo polo que queremos ser perdoados e comprometémonos, se o vemos oportuno, a outorgar o perdón a aqueles que deixaron cicatrices na nosa vida. Despois de cada intervención diremos xuntos: *"Grazas Señor por seducirnos, por falarnos ao corazón"*.

- Acabamos lembrando xuntos a misericordia de Deus. Facémolo recitando o **Salmo 51** (50): "Ten piedade de min, oh Deus".

Apiádate de min, meu Deus, pola túa bondade,
pola túa misericordia, borra o meu pecado;
lávame ben da miña iniquidade,
límpame da miña culpa.

Eu recoñezo o meu pecado
e teño sempre presente a miña culpa.
Contra ti, contra ti mesmo, eu pequeei
e fixen o que é malo ós teus ollos:

por iso será xusta a túa sentencia
e aparecerá recto o teu xuízo.
Si, eu nacín no pecado,
no mal concibíame miña nai;
e ti amas a verdade no corazón
e no íntimo ensínasme sabedoría.

Purifícame co hisopo, e serei limpo,
lávame ti, e quedarei branco coma a neve.
Faime sentir o gozo e a ledicia,
que relouquen os meus ósos quebrantados.
Arreda do meu pecado a túa vista
e borra as miñas culpas.


Crea, Deus, en min un corazón puro,
renóvame por dentro cun espírito firme.
Non me botes da túa presenza
e non tires de min o teu santo espírito.
Devólveme a alegría da túa salvación,
sostenme co espírito xeneroso.

Ensinarei o teu camiño ós pecadores
e volverán a ti os descarreirados.
Líbrame dos delitos de sangue,
Señor, meu Deus e salvador,
e a miña lingua contará a túa xustiza.
Abre, Señor, os meus labios,
e a miña lingua pregoará a túa loanza.

Con sacrificios ti non te compraces,
se che ofrezco holocaustos, non os aceptarás:
O meu sacrificio, Deus, será o espírito contrito:

o corazón contrito e humilde
ti, Deus, non o desprezas.

Faillle ben a Sión, pola túa bondade,
restaura os muros de Xerusalén.
Entón aceptarás os sacrificios puros,
inmolaranse xovencos nos teus altares.



Para o guía ou membros do grupo que queiran profundizar un pouco máis no tema: Francesc Ramis Darder, Ha hablado el Dios de la Vida, Verbo Divino (Estella-2002) px. 63 a 77.